

Expediente IET: P-21-116
Proxecto: Parque eólico Castro Valente
Concello: Padrón (A Coruña) e A Estrada (Pontevedra)
Promotor: Iberdrola Renovables Galicia, S.A

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 05/10/2021 o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto do Parque eólico Castro Valente.

1. Antecedentes:

Con data do 16/04/2021 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu un informe sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe indicábase que os principais impactos paisaxísticos produciríanse pola incidencia visual sobre a AEIP do Baixo Ulla- Xirimbao e sobre elementos de interese paisaxístico, do patrimonio cultural material e do inmaterial. Así como polos efectos sinérxicos derivados da presenza de novos proxectos eólicos na contorna e sobre os núcleos rurais máis próximos. Así mesmo indicábase que debería incorporarse no estudo de impacto ambiental (EsIA) un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), cuxo contido debía axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices da paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de



integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na construción do parque eólico Castro Valente, de 18 MW, composto por 4 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións e subestación transformadora 30/220 kV). Os aeroxeradores terán 4,5 MW de potencia nominal, unha altura de buxa de 107,5 metros e 145 metros de diámetro de rotor. A enerxía xerada no parque evacuarase mediante unha liña de alta tensión, que non é obxecto deste proxecto. A lonxitude total de vías de servizo será de 5.356 m distribuídos en catro eixos, que serán acondicionados con saburra artificial. Os edificios da subestación serán prefabricados e compostos por un cerramento exterior de paneis de formigón armado e a cuberta estará formada por placas de formigón armadas rematadas na parte superior mediante impermeabilización.

O estudo de impacto ambiental (EsIA) inclúe un EIIP como documento anexo, no que se fai unha diagnose do estado actual da paisaxe tomando como referencia o contido do Catálogo das paisaxes de Galicia. Tamén analízase a calidade e a fragilidade visual, descríbense as características básicas do proxecto, calcúlanse as bacías visuais dos aeroxeradores nun radio de 10 km e indícanse as afeccións a elementos do patrimonio cultural. Complétase este estudo cunha serie de infografías que simulan a visibilidade dos aeroxeradores dende diferentes localizacións. Por último, identifícanse e valóranse os impactos, descríbense as medidas de integración paisaxística propostas para minimizalos e xustifícase o cumprimento dos obxectivos de calidade paisaxística e as directrices de paisaxe.

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase nas grandes áreas paisaxísticas de Galicia Central e das Rías Baixas, nas comarcas paisaxísticas de Tabeirós e Umia-O Salnés respectivamente.

A área de especial interese paisaxístico (AEIP) máis próxima ao parque é a AEIP-07-23 Baixo Umia - Xirimbao, situada a uns 2 km ao leste. Respecto aos miradoiros, a uns 2 km aparecen os de Montes de Requián e Outeiro de Meda, a uns 3 km ao oeste os de Pena Manso e Galiñeiro e a uns 5 km os de Monte Xesteiras e Monte da Grela. En canto a outros elementos de interese paisaxístico cabe destacar o Mosteiro de Herbón e dous elementos de interese paisaxístico e etnográfico vinculados a el.

Respecto de outros elementos de interese cultural non recollidos no Catálogo, cómpre destacar o castro Valente, ben de interese arqueolóxico que coroa o monte do mesmo nome. A xeomorfoloxía illada deste monte e o ben do patrimonio que coroa a cima confiren ao lugar as características dun fito de interese paisaxístico.

As infraestruturas proxéctanse nas elevacións do Monte de Castro Valente e Monte do Caeiro. Estes altos, xunto ao do Outeiro de Meda configuran a ribeira montañosa dun pequeno canón e un meandro no río Ulla. As coberturas dominantes son os cultivos forestais, as matogueiras e os rochedos. Os núcleos rurais aparecen dispersos na contorna aos pes destes montes. As principais estradas do ámbito son as autonómicas AC-242 e PO-214, e a provincial EP-7007.



5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O contido documental do EIIP é completo e axústase ao Regulamento da Lei 7/2008. Porén, existen certas eivas na valoración dos impactos, e na xustificación da adaptación ás directrices de paisaxe.

Polo que atinxe á primeira cuestión, cómpre sinalar que as conclusións afástanse do resultado da análise das cuncas visuais do propio EIIP (en contra do que sinala a directriz de paisaxe DX.20 epígrafe a), toda vez que se manifesta que o impacto é moderado, mentres que a citada análise constata que o proxecto provocará un alto impacto visual sobre o castro Valente (directriz de paisaxe DX.23 epígrafes g e i) e sobre os núcleos situados na contorna máis próxima (2 km).

Respecto á xustificación do cumprimento das Directrices de paisaxe, no EIIP simplemente reproducense os contidos daquelas, pero non se achega a debida explicación de como se incorporan ao proxecto.

Os principais impactos deste proxecto sobre a paisaxe producíranse pola forte incidencia na contorna visual do castro Valente, así como sobre diversos núcleos situados a menos de 2 km dos aerogeradores, agravado polo efecto sinérxico que produce a existencia doutros parques da contorna, tal como amosa o estudo de sinerxía do EIIP.

En canto ás medidas preventivas e correctoras, se ben se recolle literalmente o contido da directriz DX.17 epígrafe c (referente ás condicións sobre as características das construcións en solo rústico), o EIIP non achega información gráfica de alzados nin datos sobre acabados e cores da subestación, polo que non resulta posible avaliar a integración paisaxística da solución proxectada.

6. Conclusión:

O proxecto incorpora un EIIP, cuxo contido documental non se axusta debidamente ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008, pois non xustifica a adaptación ás Directrices de paisaxe, o que debe ser emendado.

Respecto ás medidas de integración paisaxística previstas, deberán cumprimentarse as seguintes cuestións:

- O proxecto vai provocar un forte impacto visual sobre o Castro Valente, en contra do que dispón a directriz de paisaxe DX23 epígrafes g e i, polo que deben valorarse as oportunas medidas preventivas e/ou correctoras, tendo sempre en conta o que sinala o órgano competente en materia de patrimonio cultural.



- De acordo coa directriz de paisaxe DX.20.c, e dada a presenza de núcleos próximos ao proxecto, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir e mitigar o impacto visual. Nestes casos, estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas autóctonas nas proximidades dos núcleos, consensuadas cos seus habitantes.
- Respecto á tipoloxía e características estéticas do edificio de control, deberánse respectar as directrices de paisaxe DX.17.c.4 e DX.20.m. Así mesmo, debido á temporalidade da cobertura arbórea de cultivo madeireiro que existe na parcela, co obxecto de garantir o amortecemento visual disporase no perímetro da infraestrutura unha pantalla vexetal realizada con especies autóctonas propias da zona, de acordo coas directrices de paisaxe DX.20.i e DX.20.o.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

